

## Novela: “O ouro de Agrícola”

Autor: E.V.Pita

Editorial: Tambre / Catavento

Argumento:

### O MAIOR ROUBO DA ANTIGÜEDAD

Ano 83 DC

O naturalista romano Plinio o Vello, na súa estancia en Hispania, calculou que as minas de ouro de Gallaecia (As Médulas e O Courel, entre outras) aportaban 20.000 libras de ouro anuais ás contas de Roma. Quen roubase tal fabuloso botín, o maior da antigüidade, sería inmensamente rico. Pero as minas estaban fortemente custodiadas pola VII Lexión acampada en Asturica Augusta, que vixiaba tamén ós rebeldes cántabros.

Parte dese tesouro imperial ía destinado a pagar en moedas de ouro ós lexionarios que combatían en Britania, ás ordes do gobernador Agrícola. Para guiar cara as illas británicas á súa flota de galeiras, o emperador flavio mandou construír un faro no outeiro dunha lonxana illa do Finis Terrae hispano chamada Brigantium.

O ouro das minas galaicas era vital porque, sen a lealdade do exército, o cruel emperador flavio Domiciano non podería manter o seu poder fronte o Senado. Moitos dos filósofos que se opuseron ó seu dominio foron executados ou exiliados. Só os avogados Plinio o Novo e Tácito ousaron loitar desde dentro contra a tiranía.

Nesa época, Hispania era xestionada por gobernadores corruptos como Babbio Massa e os seus colaboradores, que vendían ós cidadáns béticos como escravos para enriquecerse. Nun famoso proceso, Plinio o Novo denuncia no Senado as arbitrariedades dos gobernadores hispanos.

Neste contexto, un liberto \_a clase social máis cobizosa de Roma\_ chamado Severo Segundo Cecilio, ás ordes do avogado Plinio o Novo, arriba na illa de Brigantium para entregar unha mensaxe a unha dama romana que pode cambiar o destino de Roma.

A novela guía ó lector pola Gallaecia romana. A personaxe camiña pola illa de Brigantium onde os romanos están a construír un faro, sube ata un castro en decadencia, pasea polas factorías de salgadura de Vicus Heleni (Vigo), atravesa as selvas e os cañóns do río Minios e internase nas minas de ouro de Medulium, nas que empregan o sistema de derrumbe mediante auga.

Nos diálogos aparecen palabras nativas –transmitidas polos cronistas romanos- como “balux”, que significa pebida de ouro. Outras palabras proceden das linguas celtas como “moristargus” (estranxeiro). Tamén se fai referencia a deuses locais como Navia. Estes detalles teñen a finalidade de recrear a cultura dos castros antes de ser totalmente romanizada e cristianizada. Moitos dos diálogos son en “versión orixinal” castreña, libremente adaptada ó léxico de familia céltica que chegou ata hoxe a través de documentos históricos.

Nun capítulo do libro, os protagonistas saquean un dolmen á procura dun tesouro. Non é un feito alleo, pois en tempos de Felipe II houbo moitas accións deste tipo.

Tamén se fai referencia ós cabalos asturcóns, moi apreciados en Roma.

### **Teoría sobre a Torre Hércules e ruta a Britania**

O libro defende a teoría de que o faro da illa de Brigantium marcaba a ruta de Britania e non de Irlanda (Hibernia) como relata a lenda de Breogán e Ith. A razón está en que nos mapas romanos a illa de Irlanda (Hibernia) está situada erróneamente encima de Hispania, cando en realidade esa coordenada xeográfica a ocupa o sur de Inglaterra (onde estaban as minas de estaño das Casitérides). Isto erro cartográfico transmitiuse á Idade Media, cando se escribiron os relatos de Breogán. Outra proba de que o faro guiaba o tráfico marítimo cara o Canal da Mancha son as numerosas marcas comerciais de fabricantes gadetanos que aparecen nas ánforas de aceite atopadas en Bélxica. Outra proba é a desinterese de Roma por Hibernia. O propio gobernador Agrícola di: “Podería conquistar esa illa cunha soa lexión” pero o emperador desautoriza esa operación militar.

O libro tamén mantén que a Torre de Hercules foi construída a finais do século I, que corresponde coa datación tradicional que se fai, normalmente en época Flavia ou a primeiros do século II.

Respecto ás minas de ouro de As Médulas, a súa representación basease nos textos dos antigos, nos que describen o sistema de ruina montium ou fan referencia a cor bermella do río Minius. Un capítulo do libro desenrolase no Monte Furado do Sil.

A pretensión desta novela de romanos é ofrecer unha historia de intriga e aventuras na Gallaecia, tratando de convencer ó lector da súa verosimilitude histórica.

Máis información do libro (bibliografía, comentarios, personaxes, escenarios...) na páxina web:

<http://www.geocities.com/ouodeagricola>

(a partir de 2010 en <http://ouodeagricola.wordpress.com> )

Atentamente:

E.V.Pita

A Coruña, 18 de setembro de 2004